



Mesturas Fertiprado, calidade con redución de custos

Os gandeiros e distribuidores que proban as sementes Fertiprado valoran, sobre todo, a dixestibilidade e a proteína que achegan ao silo, a súa capacidade de nacemento e a fixación de nitróxeno nas fincas e o menor gasto que supoñen en fertilizacións. Compartimos as experiencias de Saúl Dorado, de Mantoño Holstein; José Manuel Fernández, de SAT Busto Corzón, e José Agra, de Botica do Xallas, con estas mesturas.



Saúl Dorado, de Mantoño Holstein

“Este silo de herba achégalles unha dixestibilidade moi alta e transfórmano moi ben en leite”

MANTOÑO HOLSTEIN

Localización: Barreiros (Lugo)
Número total de animais: 200
Vacas en produción: 85
Media de produción: 36 litros/vaca/día
Número de muxidos: 2
Porcentaxe de graxa: 4,20 %
Porcentaxe de proteína: 3,40 %
RCS: 170.000 cél./ml
Hectáreas con rotación de millo e herba: 40 ha

Cal é a súa opinión sobre Fertiprado e os seus produtos?

É o primeiro ano que utilizamos sementes Fertiprado. Ante as primeiras analíticas e vendo como comen as vacas, a nosa opinión é moi boa.

Que mestura sementou?

Speedmix. Fixemos un primeiro corte a principios de abril e logo outro xusto antes de sementar o millo.

Como están a resultar as analíticas dos ensilados?

Para o primeiro corte, que é o que están a comer agora as vacas, temos xa tres analíticas. Neste caso, foinos difícil facer un día máis de secado, que fose o ideal, e aínda así estamos a obter unha media do 26 % de materia seca nas tres analíticas, cunha dixestibilidade dun 69 %, un 70 % e un 73 %, e unha proteína de 17,7, 18,1 e 17,1 %.

A miña valoración, de momento, é moi boa. Ademais de permitírnos rebaxar custos na ración, as vacas comen moi ben este silo, alto en proteína e cunha dixestibilidade moi alta.

Notou redución de custos en fertilización?

Despois do primeiro corte fixemos unha fertilización nitróxenada para recoller o segundo e este aínda está sen analizar, pero esperamos que as leguminosas fixen nitróxeno no terreo e nos axuden a ter unha boa colleita de millo.

Que é o que máis lle gusta desta mestura?

A súa dixestibilidade e as altas porcentaxes de proteína. Conta con tres tipos diferentes de trevos que alcanzan moito tamaño, moita dimensión, e vemos que o importante é secala ben. A maiores, axuda a mellorar o terreo. Veremos máis resultados en campañas posteriores. Este ano a nosa experiencia en xeral foi boa.

Como responde o millo tras un cultivo con tanta leguminosa?

O millo está a coller tamaño, está a madurar axiña, e esperamos que as leguminosas axuden a fixar nitróxeno na terra para que o millo creza máis rapidamente.

En canto á alimentación das vacas, notou diferenza na inxestión e na palatabilidade destas forraxes?

Sí, pola dixestibilidade. O tipo de forraxe e o ensilado son os factores que marcan a diferenza. Esta mestura está a darnos dixestibilidades do 70, 71 ou 72 %.

Trasládanse os seus beneficios ás calidades do leite?

Cando hai forraxes de boa calidade, as vacas fan leite de boa calidade. Os dous temas están bastante relacionados. Nós facemos unha ración moi forraxeira, con moitos kg de herba e menos kg de millo, que non é moi habitual. As vacas comen sempre entre 24 e 28 kg de herba ao día co obxectivo de potenciar a ruminación e buscar máis calidade no leite.

O silo de herba que empezaron a comer agora achégalles unha dixestibilidade moi alta e transfórmano moi ben en leite. Mesmo baixamos o nivel de proteína en penso, aforrando en custos, e as vacas subiron en produción.

Considera que en Galicia e Asturias existe un gran potencial para producir proteína a máis baixo custo na propia explotación ao mesmo tempo que se coida a fertilidade dos solos e se reduce a pegada de carbono?

Totalmente. Galicia e Asturias teñen un potencial tremendo, pola súa climatoloxía, para producir boas forraxes. Con leguminosas, con moito trevo, conséguese reducir os custos das racións e non depender de tanta forraxe comprada de fóra.

Non concibimos o noso traballo con monocultivos de millo. Creemos que hai que sacarlle o máximo partido ao terreo para obter forraxes de calidade.

“Nunca gastamos tan pouco diñeiro en conseguir unha herba desta calidade”

SAT BUSTO CORZÓN

Localización: Mazaricos (A Coruña)

Número total de animais: 940

Vacas en produción: 470

Media de produción: 42 litros/vaca/día

Número de muxidos: 3

Porcentaxe de graxa: 3,80 %

Porcentaxe de proteína: 3,40 %

RCS: 130.000 cél./ml

Hectáreas con rotación de millo e herba: 150 ha



José Manuel Fernández, de SAT Busto Corzón

Cal é a súa opinión sobre Fertiprado e os seus produtos?

O ano pasado realizamos probas en varias fincas e a verdade é que notamos moita melloría con respecto a outras marcas. Estamos moi contentos con Fertiprado.

Que mestura sementou?

Este ano sementamos Fertifeno.

Que resultados alcanzou en canto a produción?

O resultado este ano foi moi bo. Logramos altos rendementos en volume, pois calculamos sobre un 24.000 kg/ha con moi boa materia seca. Ademais, a dixestibilidade é moi, moi boa.

É verdade que quixemos esperar un pouco máis do que nos recomendaron os técnicos e conseguimos un 45 % de materia seca cun 14 % de proteína. Eramos conscientes do que facíamos, porque lle demos prioridade ao volume ante a calidade.

Notou redución de custos en fertilización?

Si, porque non necesitamos levar a cabo ningún corte de limpeza e tampouco achegamos xurro. A redución en custos si que se notou

moitísimo. Nunca gastamos tan pouco diñeiro en conseguir unha herba desta calidade.

Que é o que máis lle gusta desta mestura?

O que máis me gusta desta mestura é que implanta moi ben na terra, ten unha nacemento moi boa e o desenvolvemento é moi alto. Estamos encantados con ela.

Como responde o millo tras un cultivo con tanta leguminosa?

Nós somos de fertilizar, pero si que botamos un pouquiño menos de nitróxeno ao millo, porque así nolo recomendaron os técnicos.

A terra cando se estaba arando estaba moito máis solta, viamos que non estaba endurecida como en anos anteriores.

En canto á alimentación das vacas, notou diferenza na inxestión e na palatabilidade destas forraxes?

As vacas están a reaccionar moi ben, están a ter moi boa inxestión e non hai problemas. Creo que acertamos con este tipo de leguminosa.



José Agra, de Botica do Xallas (Santa Comba, A Coruña)

Por que apostaron por esta marca?

Apostamos por esta marca hai xa nove anos porque cremos que nos achega algo diferente ao resto do mercado. As súas leguminosas están a dar uns resultados en campo bastante máis satisfactorios con respecto a outras marcas. Os gandeiros ven esa diferenza e inclínanse cada día máis a traballar con Fertiprado.

Que tipo de mesturas están a recomendar?

Estamos a recomendar as mesturas que levan unha porcentaxe de veza e outra parte importante de leguminosas. Neste caso a que máis

“A capacidade de implantación que ten a semente de Fertiprado é moi superior a calquera outra marca e os ciclos están moi ben adaptados”

adoitamos utilizar é Fertifeno XL Galicia, porque é unha mestura de leguminosas con gramíneas moi adaptada ao noso clima, cuns ciclos adecuados.

Tamén vendemos bastante Speedmix porque é unha mestura que funciona moi ben cando se tenta facer máis dun corte antes de sementar o millo, con moita rapidez no rebrote. Permite facer un segundo corte perfectamente a 30 días.

Por último, está a crecer moito nestes últimos anos a venda de mesturas de cobertura vexetal para deixar cubertas as fincas entre os cultivos de millo e achegarlle materia orgánica ao terreo, con moita materia verde e unha cantidade importante de nitróxeno.

Que características destacarías das mesturas de Fertiprado?

O ben que se implantan nas fincas. Probamos con moitas casas comerciais e a capacidade de implantación que ten a semente de Fertiprado é moi superior á que ten calquera outra marca. Ademais, os ciclos están moi ben adaptados, coas gramíneas e as leguminosas ben combinadas para que cheguen ambas a un estado óptimo no momento da recolección.